

Resolución do 23 de decembro de 2009 da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios deste organismo.

Coa finalidade de garantir o dereito á mobilidade voluntaria do persoal estatutario recoñecido no Estatuto Marco, o artigo 27 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé a convocatoria periódica, preferentemente cada dous anos, dun concurso de traslados.

Convocados, mediante as Resolucións de Ila Secretaria Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008, os procesos selectivos de diversas categorías de licenciados sanitarios do organismo correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2008, procede convocar o correspondente concurso de traslados que posibilite ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde así como ao doutros servizos de saúde, o exercicio do dereito á mobilidade, e permita unha resolución simultánea, en canto aos prazos de toma de posesión, dos dous procedementos de provisión de prazas.

Polo tanto, este Centro Directivo, despois da negociación coa representación sindical no seo de n e en uso das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Artículo 1º. - Publicar a convocatoria do concurso de traslados para a provisión das prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde das categorías/especialidades relacionadas no anexo III da presente resolución, así como aprobar as bases e baremo de méritos que rexerán a convocatoria, contidos respectivamente nos anexos I e II desta.

Artículo 2º. -

1. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a administración e os que participen nela.

2. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Potestativamente, no prazo dun mes poderase interpoñer recurso de reposición ante este centro directivo.

3. Así mesmo, cantos actos administrativos sexan producidos pola Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Os recursos contencioso-administrativos que se interpoñan contra esta convocatoria ou calquera acto integrante do concurso de traslados serán anunciados no Diario Oficial de Galicia para os efectos de localización aos posibles interesados.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2009

Esperanza Fernández Lago.

Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

ANEXO I

Bases

Primeira. - Normas xerais.

1.1. Convócanse, para a súa provisión, as prazas básicas vacantes de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde das categorías/especialidades que, para cada centro, se especifican no anexo III desta resolución.

1.2. O concurso rexerese polas presentes bases así como polo establecido no artigo 37 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e os artigos 27 e seguintes do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado.

Segunda. - Persoal que poderá participar voluntariamente no concurso de traslados.

Poderá participar voluntariamente no concurso de traslados o seguinte persoal estatutario fixo:

- 2.1. O persoal estatutario fixo da mesma categoría/especialidade, que se atope desempeñando ou teña praza reservada nas institucións sanitarias dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde, sempre que toman posesión da praza estatutaria cun ano de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de solicitudes para participar no presente concurso.
- 2.2. O persoal estatutario fixo dos servizos de saúde Sistema Nacional de Saúde en situación distinta á de activo e que non teña reserva de praza da mesma categoría/especialidade, sempre que reúna os requisitos legais e regulamentarios para incorporarse ao servizo activo o último día do prazo de presentación de solicitudes para participar no presente concurso.

Terceira. - Persoal que deberá participar obrigatoriamente no concurso de traslados.

Deberá participar obrigatoriamente no concurso de traslados o persoal estatutario fixo que se atope en situación de reingreso provisional ao servizo activo no Servizo Galego de Saúde, debendo solicitar necesariamente, por orde de preferencia, todas as prazas da súa categoría/especialidade, convocadas na área de saúde á que pertenza a praza que desempeña con carácter provisional. O/a reingresado/a provisional que non obteña praza definitiva no presente concurso, solicitando todas as da súa categoría/especialidade, convocadas na área de saúde de pertenza, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten vacantes como consecuencia da resolución do presente concurso ou pasar á situación de excedencia voluntaria. O reingresado provisional que non participe no presente concurso ou non obteña praza e non solicitase todas as da súa categoría/especialidade, convocadas na área de saúde de pertenza será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Cuarta. - Orde de prelación para a adxudicación de prazas.

4.1. As prazas serán adxudicadas aos concursantes de acordo co baremo de méritos que se publica como anexo II desta resolución.

4.2. Serán valorados unicamente os méritos acreditados ata o día inmediato anterior, inclusive, ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

4.3. En caso de empate na puntuación final, resolverase a favor do/a concursante que acredite máis tempo traballado como persoal estatutario fixo. De persistir o empate resolverase a favor da maior puntuación de cada un do resto dos epígrafes do baremo e pola súa orde. Por último, decidirá a maior idade.

Quinta. - Solicitudes.

5.1. Cada concursante deberá cubrir unha única solicitude a través de Ila Oficina Virtual del Profesional (FIDES), seguindo as instrucións que se establecen no anexo V e axustándose necesariamente ao modelo establecido; unha vez cuberta a solicitude segundo se indica, deberá imprimir copia en papel e presentala xunto coa documentación acreditativa.

Para aqueles concursantes provenientes do Sistema Nacional de Saúde, que non poidan acceder ao formulario de solicitude a través da Oficina Virtual del Profesional, habilitarase un enlace na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)

Serán desestimadas, sen máis trámite, as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura, tanto na solicitude como nalgunha das follas de petición de prazas ou no certificado ou en calquera dos documentos anexos á solicitude á que faise referencia na base sexta, sempre que non se atopen salvados baixo sinatura.

5.2. Os/as participantes poderán solicitar, por orde de preferencia, todas as prazas que consideren convenientes, tanto das ofertadas no anexo III desta resolución, como de aquelas outras non ofertadas indicadas no anexo IV.

5.3. A solicitude de praza nun centro ou complexo hospitalario supón a petición da totalidade das prazas convocadas neste no anexo III, así como as que queden

vacantes no devandito centro como consecuencia da resolución do concurso e, polo tanto, sexan susceptibles de ser adxudicadas en resultas.

5.4. As solicitudes, que se deberán dirixir á Dirección de recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (San Lázaro, s/n, 15703-Santiago de Compostela), poderán ser presentadas nos centros que se relacionan a continuación ou a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, advertíndose que na folla ou follas, no seu caso, da solicitude de admisión ao presente concurso debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder de a os interesados:

- a) En ala Consellería de Sanidade.
- b) Nas Xefaturas Territoriais de Sanidade dos Departamentos Territoriais da Xunta de Galicia.
- c) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- d) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.

5.5. De conformidade co establecido no articulo 29.1 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado, o prazo de presentación da solicitude, á que deberá unirse necesariamente toda a documentación que se achegue, será dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

5.6. Durante o prazo de presentación de solicitudes, os/ás participantes poderán retirar ou modificar as súas solicitudes mediante a presentación dunha nova, que anulará totalmente a anterior. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá nin a modificación ou retirada da solicitude nin a presentación de novos documentos.

Sexta. - Documentación.

1. Todos/ás os/ás participantes, con carácter xeral, deberán presentar a seguinte documentación:

I) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.

II) Copia compulsada do o seu nomeamento en propiedade na categoría/especialidade.

III) Certificación orixinal expedida polo servizo de persoal do centro no que actualmente presta os seus servizos, conforme ao modelo que se achega como anexo VI a esta resolución.

IV) Copia compulsada, no seu caso, dos diplomas acreditativos de ter superados os cursos de coñecemento da lingua galega.

V) Documentación orixinal ou fotocopias compulsadas dos méritos alegados.

Deberá presentarse copia traducida por tradutor xurado de aqueles títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español.

Respecto dos traballos científicos e de investigación redactados nun idioma distinto a calquera dos oficiais do Estado español, non será necesario presentar copia traducida por tradutor xurado.

Polo que se refire aos traballos publicados en revistas, tan só será necesario presentar fotocopia compulsada das follas do traballo nas que conste o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

En relación cos capítulos de libros, será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, o depósito legal do libro e/ou o ISBN e a data de publicación.

Por último, en relación cos libros será suficiente presentar fotocopia compulsada das follas nas que conste o título do libro, o sumario ou índice deste, o seu autor, o seu depósito legal e/ou o ISBN e a data de publicación.

2. O persoal en situación de activo deberá achegar ademais copia compulsada do nomeamento en propiedade da praza actualmente desempeñada (no suposto de non se corresponder coa do seu nomeamento inicial na categoría/especialidade).

3. O persoal en situación de excedencia presentará ademais copia compulsada da resolución na que se lle concedeu.

4. O persoal en reingreso provisional, presentará ademais copia compulsada da resolución pola cal se lle autorizou o reingreso.

Sétima.- Resolución do concurso.

7.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e á vista das prazas solicitadas polos concursantes, así como dos méritos alegados e acreditados, procederase á baremación.

7.2. Finalizada a devandita baremación, a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, aprobará a resolución provisional do concurso, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

7.3. De conformidade co establecido no artigo 29. 2º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, antes citado, os/ás concursantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para formular reclamacións contra a resolución provisional. As citadas reclamacións serán rexeitadas ou admitidas na resolución definitiva que será aprobada pola autoridade convocante e publicarase na mesma forma no que lle foi a convocatoria do concurso. Esta publicación servirá de notificación aos/ás interesados/ás e, a partir dela, empezarán a contarse os prazos establecidos para que os organismos afectados efectúen as actuacións administrativas procedentes.

7.4. Conforme ao establecido no artigo 29.4 do citado Decreto 206/2005, do 22 de xullo, as prazas adxudicadas definitivamente serán irrenunciáveis agás que a devandita renuncia, esta motivada pola obtención de praza en virtude da resolución dun procedemento de mobilidade voluntaria convocado por outra Administración pública ou servizo de saúde.

Oitava. - Efectos derivados do concurso.

8.1. Os/ás concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, no seu caso, desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

8.2. A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde; no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza no concurso que xa viñesen ocupando praza no mesmo centro de destino, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

8.3. No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso.

8.4. O prazo de cesamento iniciácese cando finalice o permiso ou licenza que, no seu caso, lle fose concedido ao interesado, agás que por causas xustificadas se acorde suspender o seu desfrute.

8.5. Se así permíteo as necesidades do servizo e a petición do interesado, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado polo órgano convocante.

8.6. Cando un/a concursante non tome posesión da praza dentro do prazo ou, se é o caso, da prórroga concedida, entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado/a en tal situación polo órgano convocante do concurso.

Non obstante o anterior, se existen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, despois da audiencia do/a interesado/a, pola Dirección de Recursos

Humanos do Servizo Galego de Saúde, poderase deixar sen efecto a devandita situación. Neste caso o interesado deberá incorporarse ao seu novo destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

8.7. Agás cando a resolución do concurso implique o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión e, no seu caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme ás normas establecidas na vixente orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo de a Administración Autonómica.

8.8. Esta convocatoria resolverase de modo simultáneo, en canto á toma de posesión dos novos destinos, respecto do proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaria Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008.

Novena. - Normas finais:

9.1. A comisión ou, no seu caso, comisións encargadas da baremación de méritos neste concurso de traslados, serán nomeadas co ámbito que acorde a autoridade convocante.

Estas comisións terán a condición de primeira categoría para os efectos do disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na administración autonómica de Galicia (DOG nº 122, do 25 de xuño).

9.2. De conformidade co establecido no artigo 16. 2º do Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo III do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro das taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia, serán gratuítas todas as compulsas e certificacións que se expidan polos distintos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde ao persoal estatutario fixo que participe no concurso.

9.3. Os traslados derivados deste concurso teñen carácter voluntario, non xerando dereito a indemnización ningunha.

Informe: Agrupación Médica de CIG-Saúde

ANEXO II
BAREMO DE MÉRITOS (210 puntos)

1. Experiencia profesional: (ata un máximo de 170 puntos).

1- Servizos prestados como persoal estatutario fixo:

1.1- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo na categoría/especialidade na que se concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,50 puntos/mes.

1.2- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario fixo noutra categoría/especialidade en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,20 puntos/mes.

2-Servizos prestados como persoal estatutario temporal: (ata un máximo de 34 puntos).

2.1- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal na categoría/especialidade na que se concursa en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,20 puntos/mes.

2.2- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal estatutario temporal noutra categoría/especialidade en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: **0,05 puntos/mes. (Antes 0,10)**

Os meses serán computados por días naturais.

Salvo para os nomeamentos de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, o cómputo dos servizos prestados efectuarase por meses. Para iso calcularase en cada apartado do baremo o número total de días e dividirase entre 30, de tal maneira que o que se valorará en cada apartado será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

En ningún caso, a suma dos servizos prestados con distintos nomeamentos dentro do mesmo mes natural, poderá valorarse por enriba da puntuación establecida para o devandito período dun mes.

En ningún caso un mesmo período de servizos prestados poderá ser obxecto de valoración en distintos apartados do baremo. De igual forma, un mesmo período de tempo de servizos prestados non poderá ser obxecto de valoración en máis dunha categoría/especialidade, ou en varios servizos ou unidades, tanto deste coma de diferente centro.

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no devandito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

O período de formación para a obtención do título de especialista non poderá ser valorado, en ningún caso, como tempo de servizos prestados.

Os servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada para o coidado de familiares, serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Os servizos prestados polo persoal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados coa conseguinte redución.

2. Coñecemento da lingua galega: (ata un máximo de 10 puntos)

- a) Pola acreditación da superación do curso de iniciación da lingua galega: 5 puntos.
- b) Pola acreditación da superación do curso de perfeccionamento da lingua galega: 10 puntos

A valoración do curso de perfeccionamento exclúe a valoración do de iniciación.

3. Formación: (ata un máximo de 20 puntos)

3.1. Especializada:

- a) Por ter completado o período como residente do programa MIR, FIR, BIR, QUIR, PIR ou RHIR (en España ou país de la Unión Europea) ou ben ter completado o período de formación como residente nun centro estranxeiro cun programa recoñecido de

docencia para postgraduados na especialidade á que se presente e con título validado polo Ministerio de Educación e Ciencia: 7 puntos.

b) Por ter obtido o título da especialidade como consecuencia de acceder, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, a unha praza de Especialista en Formación, convocada por algunha das Administracións Públicas ou Institucións Sanitarias concertadas con estas e que acrediten ter realizado de forma ininterrompida e baixo un mesmo réxime docente, os anos de formación establecidos para a correspondente especialidade, mediante nomeamento ou contrato de bolsa docente expedido pola dita Administración que implique relación profesional retribuída periodicamente con cargo aos seus presupostos: 7 puntos

A puntuación dos apartados a) e b) son excluíntes entre si.

3.2. Continua:

a) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados por ón de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou por Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos por n estatal, autonómica, universidades INEM, Cruz vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados polo Servizo Galego de Saúde **ou por calquera organismo público**, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.

c) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación continuada realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións Públicas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría e, no seu caso, especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría ou especialidade á que se opta.

d) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados conforme ao European Credit Transfer System (ECTS), sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade e que estean dirixidos directamente á categoría/especialidade á que se opta.

- Por crédito: 0,25 puntos.
- Por hora: 0,025 puntos.

A puntuación que se outorgará aos concursantes que impartisen os devanditos cursos será de 0,50 puntos por crédito ou de 0,050 puntos por hora de docencia impartida.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

Non se valorarán os cursos de formación realizados durante o período de especialización que estean incluídos no programa docente da correspondente especialidade.

Os cursos de prevención de riscos, de informática, de xestión clínica, de bioestadística e de metodoloxía da investigación valoraranse en todas as categorías/especialidades e con independencia da data de obtención do título esixido na categoría/especialidade.

Non serán obxecto de valoración os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios ou similares, sempre que non estean debidamente acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica.

3.3- Grao e postgrao:

- Exame de grao: 0,50 puntos (con sobresaínte ou matrícula de honra 0,50 puntos máis).
- Premio extraordinario: 2 puntos.
- Pola realización de todos os cursos de Doutorado (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou pola realización do programa de Doutorado ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os Reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do Diploma de Estudos avanzados (DEA): 8 puntos.

- Título de doutor: 15 puntos.
- Premio extraordinario de doutorado: 1 punto

4. Outras actividades: (ata un máximo de 10 puntos)

a) Por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría e, se é o caso, especialidade de que se trate, apreciados libremente pola comisión de baremación, conforme aos seguintes criterios e táboa de valoración:

- Publicacións en revistas científicas:

Primeiro cuartil da especialidade: 0,30 puntos.

Segundo cuartil da especialidade: 0,20 puntos.

Outras revistas: 0,10 puntos.

- Libros ou capítulos de libros:

Capítulo de libro: 0,30 puntos.

Libro completo: 1 punto.

Non se poderán valorar máis de tres capítulos dun libro.

(*) Valorar se engadimos, como en OPE, docencia postgraduada, premios de investigación, participación en proxectos de investigación e pertenza a Redes de investigación do Instituto de Saúde Carlos III.

ANEXO III

PRAZAS OFERTADAS POR CATEGORÍAS/ ESPECIALIDADES

ANEXO IV

CENTROS NOS QUE PODEN EXISTIR PRAZAS A RESULTAS

ANEXO V

INSTRUCCIÓN PARA A CORRECTA CUMPRIMENTACIÓN DE INSTANCIAS

- ¿Onde obter o formulario de solicitude de inscrición?
- 1. -Para obter/cubrir o formulario de solicitude de participación no concurso de traslados, deberá facelo a través da Oficina Virtual do Profesional (FIDES).
 - 1.1. -Se posúe un certificado dixital ou DNI electrónico:
 - a) Acceda á páxina web do Servizo Galego de Saúde www.sergas.es
 - b) Na páxina inicial, no apartado Recursos Humanos, pulse o apartado "Oficina Virtual do Profesional (FIDES)"
 - c) No menú principal de FIDES, faga <click> en "Concurso de traslados"
 - d) Neste punto aparecerá unha pantalla na que vostede terá que rexistrarse cos seus datos persoais para poder acceder ao asistente de xeración da solicitude.
 - e) Nas seguintes pantallas, o asistente serviralle de guía nos pasos necesarios para completar a solicitude.
 - f) Utilice a opción 'Imprimir' que aparece ao final do asistente (cuarto paso). Esta opción xera dúas copias do formulario, unha para entregar no rexistro e outra para o interesado.
 - 1.2. - Se non posúe un certificado dixital nin DNI electrónico, a través da intranet do Servizo Galego de Saúde:
 - a) Acceda á "Oficina Virtual do Profesional (FIDES)" en <http://fides>
 - b) No menú principal de FIDES, faga <click> en "Concurso de traslados"
 - c) Neste punto aparecerá unha pantalla na que vostede terá que rexistrarse cos seus datos persoais para poder acceder ao asistente de xeración da solicitude.
 - d) Nas seguintes pantallas, o asistente serviralle de guía nos pasos necesarios para completar a solicitude.
 - e) Utilice a opción 'Imprimir' que aparece ao final do asistente (cuarto paso). Esta opción xera dúas copias do formulario, unha para entregar no rexistro e outra para o interesado.

2. -Para aqueles concursantes provenientes do Sistema Nacional de Saúde, que non poidan acceder ao formulario de solicitude a través de a **Virtualla Oficina Virtual del Profesional**, habilitarase un enlace na páxina **web** do **Sergas** (www.sergas.es):

a) Acceda á páxina **web** do Servizo Galego de Saúde www.sergas.es

b) Na páxina inicial, no apartado **Recursos** Humanos, pulse o apartado "Concurso de traslados"

c) No apartado 'Impresos para a participación no proceso', na liña "Solicitude de participación", faga **<click>** en "Cubrir o formulario de participación electrónico"

d) Neste punto aparecerá unha pantalla na que vostede terá que rexistrarse cos seus datos persoais para poder acceder ao asistente de xeración da solicitude.

e) Nas seguintes pantallas, o asistente serviralle de guía nos pasos necesarios para completar a solicitude.

f) Utilice a opción 'Imprimir' que aparece ao final do asistente (cuarto paso). Esta opción xera dúas copias do formulario, unha para entregar no rexistro e outra para o interesado.

EN CUALQUERA CASO, RECORDE QUE:

Unha vez impreso o formulario de solicitude de participación debe ser presentado no rexistro xunto coa documentación solicitada nas bases da convocatoria do concurso de traslados.

ANEXO VI

MODELO DE CERTIFICADO DE SERVICIOS prestados

Don/a, Jefe de servizo de persoal do do que é Director de Xestión ou Recursos Humanos

CERTIFICO:

Que Don/Doa, titular do D.N.I. , segundo os datos **obrant** neste centro estivo vinculado/a nos seguintes Centros de Xestión en virtude dos nomeamentos que a continuación se especifican:

CENTRO DE XESTIÓN	CATEGORÍA ESPECIALIDADE	VINCULO	RX	TP	DENDE	ATA	T. HORAS	T. DIAS

Total días por categoría / especialidade / vínculo / **RX** / **TP** /..... 000
 ***EN O CASO DE QUE SE TRATE DE PERSOAL INTEGRADO NO RÉXIME XURÍDICO ESTATUTARIO INDICAR A DATA DE INTEGRACIÓN.

E para que conste, a petición do interesado, coa finalidade de presentar no concurso de traslados convocado por, na categoría de, _emito a presente certificación, en..... de..... de dous mil ____.

VºBº

O DIRECTOR DE XESTIÓN OU RECURSOS HUMANOS

Fdo.:.....

(* **Se** recollen nomeamentos en períodos coincidentes totalizados no apartado anterior ou detéctase exceso de cómputo en mes natural.

LEENDA:

VINCULO: (F)ijo, (T)emporal, (A)tención Continuada, Alta (D)irección, For(M)ación, (P)romoción Interna Temporal

RJ: Réxime Xurídico - (L)laboral, (F)funcionario, (E)estatutario

TP: % Tempo Parcial / T.Horas: Total Horas Atención Continuada / **T.Días:** Total días traballados /